

ACTA NÚM. 6 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS PARA POSIBLES COBERTURAS PUNTUAIS DE POSTOS EN CASO DE URXENTE NECESIDADE**PROCESO SELECTIVO: LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS**

Na sala de xuntas do Concello de Rianxo, ás 10:30 h do día 05/10/2017, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha lista de contratación temporal de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 626/2016 do día 09/12/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 192/2017 do 13/03/2017, coa seguinte composición:

Presidente: Patricia Fernández Pérez
Vocal: Rebeca Suárez Martínez
Vocal: M^a José Fungueiriño Tubío
Asesora proba galego: Eva María García Rey
Secretaria-Vocal: Vicenta A. Campaña Martínez

Unha vez que están presentes as 2 persoas aspirantes decídese, por motivos organizativos, trasladar a realización da proba a outra estancia dentro da Casa do Concello.

Ás 10:45 horas explícaselles o proceso: entregaráselles un texto para que traduzan por escrito e que despois deberán lerlle ao Tribunal; de seguido inician a proba para a que terán ata ás 11:15 horas.

Ás 11:00 horas rematan a proba e entregan os exames; de seguido as 2 aspirantes len, cada unha diante do Tribunal e sen presenza da outra, a tradución realizada. A orde utilizada para realizar a lectura é a establecida nas bases de selección: 1^a M^a José Pérez Lorenzo e 2^a Eva Naveiro González.

Ás 11:10 horas rematan as lecturas; de seguido o Tribunal fai a corrección destas, en función do criterio utilizado pola asesora da proba, rematando ás 11:20 horas co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO
Pérez Lorenzo, María José	NON APTA
Naveiro González, Eva	APTA

A aspirante M^a José Lorenzo Pérez queda eliminada do proceso.

De conformidade co determinado nas bases do procedemento selectivo, o tribunal propón a seguinte listaxe, por orde de prelación, para a realización das oportunas contratacións segundo a puntuación obtida polas persoas aspirantes:

ORDE	APELIDOS E NOME	TEST	PROBA PRÁCT.	TOTAL
1º	LORENZO PAZOS, BERTA	6,75	7,30	14,05
2º	SAMPEDRO REGO, SANDRA	6,63	7,00	13,63
3º	GONZÁLEZ LAIÑO, DIGNA	7,13	5,30	12,43
4º	PADÍN TORRES, JOSÉ	5,50	6,75	12,25

5º	GONZÁLEZ MARTÍNEZ, MARÍA	6,13	6,00	12,13
6º	HERMIDA MÍSER, ROCÍO	6,50	5,25	11,75
7º	NAVEIRO GONZÁLEZ, EVA	5,13	6,00	11,13
8º	CABO PÉREZ, CARMEN MARÍA	5,00	6,00	11,00
9º	OLVEIRA ARCOS, MARÍA	5,13	5,50	10,63
10º	VÁZQUEZ MUINELO, CARLOS JAVIER	5,00	5,00	10,00

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 11:30 horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscripta polos membros do Tribunal.